

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E OPC GALICIA PARA O APOIO E IMPULSO DE EVENTOS MICE EN GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D^a Ana María García Calvo, actuando en nome e representación de **OPC Galicia (Asociación de Organizadores Profesionais de Congresos de Galicia)**, CIF G15488711, en calidade de presidenta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que OPC Galicia, a Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos, é unha organización sen ánimo de lucro que, dende o seu nacemento no 1994 e de acordo cos seus estatutos, vela pola mellora da calidade, pola promoción continua do destino e máis pola posta en valor dos profesionais e servizos galegos en relación á organización profesional de congresos e eventos en Galicia.

Na procura dese obxectivo organiza actividades que afondan na mellora da cualificación do sector e máis na divulgación de Galicia como destino para a organización de congresos.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID 19 provocou unha paralización case total do sector turístico, penalizando de forma moi gravosa o sector MICE (*Meetings, Incentives, Conferences & Exhibitions*, do seu acrónimo en inglés). Os subsectores MICE (OPCs, DMCs, Palacios de Congresos, servizos audiovisuais, rotulación, guías turísticos, tradutores, etc) rexistraron unha redución media de facturación do 60% e víronse obrigados a adoptar medidas extremas de resistencia empresarial.

Cuarto.- Para que Galicia siga medrando en cifras do Turismo de Reunións e siga consolidando o seu nivel no ranking nacional, é fundamental que as súas empresas poidan resistir, seguir crescendo e facerse máis fortes.

No citado contexto o obxectivo do convenio é o impulso ao sector MICE e contribuír a asegurar o futuro das súas empresas, como un sector turístico xerador de riqueza e prestixio para Galicia.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo, xa que é a única entidade



do ámbito da Comunidade Autónoma que aglutina aos Organizadores Profesionais de Congresos.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e OPC Galicia para o desenvolvemento e impulso do sector MICE en Galicia na organización de congresos e eventos.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a **157.300,00 € (IVE incluído)**, co seguinte desagregamento:

Axudas á organización de congresos e eventos en Galicia	130.000,00€
IVE (21%).....	27.300,00€
TOTAL (IVE incluído)	157.300,00€

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia achegará 130.000,00 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das confías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado previsto na presente cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.



Esta axuda ten o carácter de “axuda *de minimis*”, con suxeición ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023 Serie L), en virtude do cal as subvencións a conceder quedan exentas da obriga de notificación previa e de comunicación á Comisión Europea.

A aplicación do réxime *de minimis* implica que a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2023/2831, non pode ser superior a 300.000 € durante o período dos tres anos previos.

Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto *de minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

Terceira.- Compromisos das partes

1. OPC Galicia queda abrigada á realización da referida actuación, e a levar a cabo todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse



tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos e incluírá unha declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* concedida durante os tres anos previos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- Comprobar que as empresas beneficiarias cumpren os requisitos *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023 Serie L),

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente



convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste. OPC Galicia será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. OPC Galicia será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.



Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente, a través da solicitude á Axencia de Turismo de Galicia no modelo que figura no anexo adxunto a este convenio, do cal forma parte.

Sétima.- Xustificación de fondos e pagamento

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:



- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do proveedor.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as abrigas de publicidade establecidas no presente convenio.
- i) Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante o período dos tres anos previos.

Por outro lado, OPC Galicia deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos as actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha



vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

4. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o **1 de febreiro de 2024**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

5. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **30 de novembro de 2024**.

8. O importe correspondente ao IVE so poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50%, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Coa solicitude de anticipo, a entidade beneficiaria terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no artigo 65 do citado Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a súa contía acumulada supere os 18.000€.

Novena.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.



Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por seis persoas, dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo segunda.- Modificacións e resolución do convenio



I. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a



desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Ademais consignárase a información sinalada no artigo 6.1 do Regulamento (UE) 2023/2831 na Base de Datos Nacional de Subvencións no prazo de 20 días hábiles a partir da concesión da axuda.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro



regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2024**.

E, en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

O director de Turismo de Galicia

A presidenta de OPC Galicia

José Manuel Merelles Remy

Ana María García Calvo



ANEXO

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBCONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES OU ADQUISICIÓNS SUBVENCIONADAS CON ENTIDADES VINCULADAS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN SUBVENCIONADA

Nome e apelidos da persoa solicitante, DNI, en representación de CIF, na súa calidade de

A persoa arriba sinalada, actuando como representante, SOLICITA ó órgano competente para a concesión da subvención en aplicación da cláusula sexta do *Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e OPC Galicia para o apoio e impulso de eventos MICE en Galicia*, autorice a subcontratación coa persoa/entidade vinculada cuxos datos se relacionan a continuación:

- Nome ou razón social, NIF, tipo de vinculación existente
- Descrición da subcontratación
- Importe polo que se solicita autorización de subcontratación e importe total da actividade subcontratada

Así mesmo, COMPROMÉTESE a que a contratación se realice de acordo coas condicións normais do mercado.

Lugar e data

Asinado:

